

## Información



### A cooperativa A MeixoEira foi galardoada por unha das súas elaboracións artesanais

Na pasada edición do certame Word Cheese Awards presentáronse cerca de 3.500 queixos de 41 países e dez firmas galegas conseguiron distincións. Entre elas, A MeixoEira recibiu a medalla de prata por unha das catro variedades de queixo que elabora, o seu queixo de cabra curado.

[Ver máis](#)



### Guía para poñer en marcha a túa cooperativa

Coñece os 13 pasos fundamentais para crear unha cooperativa desde que pensas no nome da empresa ata que abres a porta do teu negocio.

[Ver máis](#)



### O rol da muller na economía social de Galicia

Entrevistamos a Eva Rosende, socia da cooperativa galega Artigo 14 e a Ana Lorenzo, socia de Cidadanía que, desde as súas experiencias profesionais, destacan a importancia da muller no sector.

[Ver máis](#)



### O capital social nas cooperativas

Infórmate de todo o que precisas saber sobre as achegas de capital social nas cooperativas.

[Ver máis](#)

# Actividades



## Xornada “Educar en plural: obradoiros de xogos cooperativos”

Este obradoiro ten como obxectivos crear un espazo de reflexión sobre a competitividade como valor social e a necesidade de alternativas, e fomentar a cooperación a través do xogo como ferramenta de aprendizaxe.

**Datas:** 26/04/2019 ao 03/05/2019

**Horario:** o 26 abril ás 08:40h e o 3 de maio ás 10:20h

**Lugar:** IES Xograr Afonso Gómez de Sarria

**Inscripcións:** 982303902 / info@aprevar.com

[Ver máis](#)

## Plan de divulgación: “O modelo cooperativo como ferramenta para fixar riqueza no rural”

O obxectivo desta formación é ensinarlles ás persoas interesadas os posibles recursos dispoñibles nas cooperativas, explicar a potencialidade do cooperativismo e mostrar as oportunidades de negocio para crear empresas no rural.

**Datas:** 26/04/2019

**Horario:** 09:00 - 14:00h.

**Lugar:** Casa da Cultura – A Pastoriza

**Inscripcións:** 981584783 / www.agaca.coop

[Ver máis](#)

## Nova teleformación: A RSE nas entidades de economía social

Esta formación ten como obxectivo dar a coñecer o concepto da RSE e todas as súas dimensións, así como a metodoloxía e ferramentas para analizar e avaliar as diferentes alternativas á hora de incorporar ou manter a RSE no modelo de negocio das entidades de economía social.

**Datas:** 30/04/2019 ao 17/05/2019

**Modalidade:** online

**Duración:** 20h.

**Inscripcións:** [formulario](#) / 981558008 / eusumo.emprego@xunta.es

[Ver máis](#)





## **Nova teleformación: A internacionalización nas entidades de economía social**

Este obradoiro ten por obxectivo introducir o alumnado no proceso de internacionalización e facilitarlle a toma de decisións estratéxicas nas entidades de economía social.

**Datas:** 02/05/2019 ao 20/05/2019

**Modalidade:** online

**Duración:** 20h.

**Inscripcións:** [formulario](#) / 981558008 / [eusumo.emprego@xunta.es](mailto:eusumo.emprego@xunta.es)

[Ver máis](#)

### **Rede Eusumo**

Contacte en: [comunicacion@eusumo.gal](mailto:comunicacion@eusumo.gal) ou 610 17 43 89

Máis información en:



[www.eusumo.gal](http://www.eusumo.gal)



**XUNTA  
DE GALICIA**